



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE), A UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA E AGAXEN, (ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA AUDITORÍA SOCIOLABORAL DE XÉNERO E DA PREVENCIÓN DO ACOSO E DA VIOLENCIA DE XÉNERO NAS ORGANIZACIÓNS), PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO SEXUAL NO ENTORNO LABORAL

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, no artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recóllese nos apartados d) e e) que a violencia sexual e o acoso sexual son formas de violencia de xénero

d) Violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

e) Acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para sí ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou premio no ámbito desta.

(2) Antecedentes:

No desenvolvemento do seu traballo, a Secretaría xeral da Igualdade ten detectado que o acoso sexual é un delito en moitos casos difícil de denunciar, que en numerosas ocasións ten lugar no





entorno laboral, polo que a colaboración de todos os axentes, entidades e persoas que desenvolvan unha actividade laboral é clave para a súa prevención, detección e para ofrecer axuda ás súas vítimas.

Ademais, a Disposición adicional segunda da mesma lei recolle que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e Administracións públicas con competencias na materia obxecto desta Lei, que sirvan de cauce de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral, educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

(3) Finalidade

Para os efectos sinalados, con data 25 de xuño de 2018 formalizouse coa Unión Profesional de Galicia e con AGAXEN (Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións), o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O convenio ten por obxecto establecer establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, A Unión Profesional de Galicia e AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, para o apoio na prevención e detección de acosos sexual no entorno laboral, así como na distribución e difusión do material informativo e de sensibilización que se elabore conxuntamente entre as entidades e a Secretaría Xeral da Igualdade, ou que este departamento poña á súa disposición destas, coa finalidade de procurar a maior difusión posible da mesmo.





(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración con Unión Profesional de Galicia e AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, para o apoio na prevención e detección de acosos sexual no entorno laboral, así como na distribución e difusión do material informativo e de sensibilización que se elabore conxuntamente entre as entidades e a Secretaría Xeral da Igualdade, ou que este departamento poña á súa disposición destas, coa finalidade de procurar a maior difusión posible da mesmo, ao abeiro da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, que dispón que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de cale de actuación e colaboración para conseguir, entre outros, no ámbito social, unha atención integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é impulsar a prevención e a detección do acoso sexual no entorno laboral

(6) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma,





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

